



bngcomarcas

BOLETÍN INFORMATIVO QUINCENAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA

Nº 26. 5 de xullo de 2013

Páx 2-5

ANÁLISE:

A política xuvenil do Concello de Pontevedra

Páx 6

PONTEVEDRA:

Pontevedra non aplicará a brutal suba do IBI que permite o goberno Rajoy

Páx 7

PONTEVEDRA

Novo varapau xudicial ao PP

Páx 8

PONTEVEDRA

XXI Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra

Páx 9

PONTEVEDRA

- Pontevedra protagonista na Walk 21
- O Concello recupera 30 cruceiros

Páx 10

POIO / PARLAMENTO

O BNG demanda no Parlamento o dragado do Porto de Campelo

Páx 11

AXENDA FESTIVA

CONTRACAPA:

ACTOS POLÍTICOS



PISANDO FORTE

Programa de Formación para o Emprego 2013

Pontevedra aposta por políticas activas para a mocidade



NOITES
ABERTAS
2013



A política xuvenil

unha aposta polo futuro

O deseño de cidade e o modelo Pontevedra son, sabémolo todos e todas, un suceso do BNG que ten as súas bases máis firmes en criterios políticos (confianza nas capacidades do país e orgullo de sermos galegos e galegas de Pontevedra; igualdade fronte a privilexios de clase; solidariedade fronte a competitividade; democracia e participación; defensa do público fronte a intereses privados) e na súa aplicación decidida, con espírito rebelde e insubmisión.

Eses mesmo éxito acontece noutras áreas (deportes, cultura, festas, facenda) e tamén é ben coñecido por todos e todas, mais exis-

ten outros ámbitos de traballo que polo seu carácter sectorial poden pasar desapercibidos para a maioría. Así, a política de muller, os servizos sociais, a política de mocidade, a normalización lingüística, o respecto polo patrimonio ou mesmo a política de persoal son áreas de traballo nas que o BNG se sitúa tamén en posicións de vangarda.

En todos os casos, como dicíamos ao comezo, o suceso débese á absoluta honradez no traballo e máis a aplicación dun criterio político claro: o nacionalismo, isto é, o compromiso coa clase traballadora galega sempre e en todo momento.

A política de mocidade

Ao longo destes anos, para o BNG de Pontevedra foi un obxectivo de primeira orde atender aos intereses da mocidade e incorporar os seus intereses á axenda política local.

Para entender a relevancia que se lle deu sempre á política xuvenil, non deberíamos esquecer que o programa de actividades máis antigo do Concello de Pontevedra é Noites Abertas: foron postas en marcha xa en 1999 e mantéñense de xeito continuado até a actualidade adaptándose aos novos intereses xuvenís.

Asemade, desde o primeiro día os criterios que se debían aplicar foron asumidos por todo o goberno nacionalista de Pontevedra e boa mostra diso foi o tratamento dado ao fenómeno coñecido como “botellón”: daquela o sistema (PP, PSOE, medios de comunicación, Xunta, Estado . . .) puxo en marcha un proceso de criminalización da mocidade que o BNG se negou a aceptar. Pola contra, os nacionalistas afirmamos sempre que a mocidade tiña que ser un axente máis resolución dun problema de convivencia: tal dito, tal feito.

E non se esqueza que foi a Concellaría de Seguridade Cidadá a encargada de xestionar a busca do xeito de convivencia que finalmente serviu a mozos e vellos: como sempre, confianza en nós mesmos, non criminalización da mocidade, democracia e participación.



Cartaz do 2º ano de noites abertas

Arestora, mentres o sistema só ofrece paro, desesperanza e emigración para a mocidade, en Pontevedra desenvólvense proxectos exitosos que implican mozos e nenos: Noites Abertas, Pisando Forte, 15 Bolos, a Aula de Folque Infantil, os programas de educación e reeducación viaria, o Local de Música, Ben Veñas Maio, o Club de Debate, as Escolas Deportivas Municipais e tantas outras actividades, programas e iniciativas ofrecen unha sociedade alternativa, non paternalista, non consumista e, sobre todo, galega.

Noites abertas:

adaptáanse á mocidade do tempo

Cando o BNG chegou ao goberno de Pontevedra puxo en marcha un programa novidoso, *Noites Abertas*, que chamou a atención de todos e todas por moitos motivos: aproveitábanse as instalacións municipais en horario nocturno; implicábase á mocidade no seu deseño; rachábase coas políticas paternalistas, machistas, consumistas e españolizadoras; abríanse as portas do concello aos mozos e mozas de verdade.

O Bloque non quería saber nada de raíñas das festas nin de presentacións no Casino, senón que se mollaba coa mocidade de verdade. Foi un mes de actividades que contaron cun orzamento de 1.000.000 de pesetas (6.000 €) e a participación de nove entidades. O nunca visto na cidade.

Actualmente, *Noites Abertas*, un referente na Galiza e no Estado pola xestión participativa, pola oferta de lecer e polo altísimo grao de participación de mozos e mozas, dura un ano enteiro (con tres meses de actividades públi-



cas), conta con 61 entidades que organizan arredor de 250 sesións de máis de 90 actividades diferentes e implica por riba de 120 monitores e monitoras. Este ano tivo máis 5.000 participantes e xerou cinco postos de traballo. Desde calquera punto de vista os máis de 100.000 € de orzamento (16'5 veces máis que na primeira edición) están ben investidos.

Poderíanse tirar moitos datos para facer unha valoración extremadamente positiva posto que ás *Noites* asisten a partes iguais mozos e mozas, principalmente de entre 18 e 25 anos (55%, unha porcentaxe inalcanzábel fóra de Pontevedra) e son moitas máis as actividades que enchen todas as súas prazas que as que

non o fan. Asemade a valoración que fan os asistentes é positiva (en canto ao tipo de actividades, espazos, horarios, monitorado, calendario . . .) en porcentaxes por riba do 95%.

Porén *Noites Abertas* sobrancea por outros motivos: despois de tantos anos foi quen de adaptarse ás necesidades da mocidade actual posto que son mozos e mozas que non naceran ou eran moi cativos quen asisten ao programa. Ademais, este ano por primeira vez, entre os intereses dos e das asistentes figura o lecer, coñecer xente, divertirse, como o motivo principal de botar un cacho nas *Noites Abertas*.

Un último elemento para destacar é a implicación da mocidade no deseño. Isto conséguese de moitos xeitos: as asembleas en centros de ensino para promover a presentación de actividades, a colaboración dos servizos de xuventude municipais, a completa ausencia de paternalismo, a xestión aberta e imaxinativa para integrar a todos os que teñen unha boa idea e, sobre todo, as gañas de que os mozos e mozas participen.



15 bolos: do garaxe á praza

Nas aldeas, nas vilas e nas cidades de Galiza, desde hai xa case medio século, mozos e mozas botan horas agarrados a guitarras, baixos e baterías que soan, ás veces, a altísimo volume. Hai aí toda unha escena que rara vez sobe aos palcos e moitas menos aínda consegue ter proxección masiva.

Van alá xa moitos anos dende que os primeiros “conxuntos”, de Andrés do Barro a Goma 2, foron quen, na Galiza e en galego, de participar nunha forma de cultura popular xuvenil estendida por todo o mundo.

Logo virían o “rock bravú”, a reclamación da selección nacional e o Xabarín Club, fenómenos todos eles de calado que nunca foron do agrado do sistema pero si da xente moza.

En calquera caso o rock galego que consegue difusión popular sempre está misturado coa nación e coa lingua do país.



Algúns dos participantes nos 15 bolos 2013 durante a presentación pública do programa

Un elemento destacado nesta historia tan breve do rock galego foi a creación polo BNG dos Locais de Música como o que actualmente funciona en Pontevedra.

Precisamente o Local de Música está a converterse nun axente no rock que se fai en na bisbarra: non quere dirixir, non quere liderar, mais si quere estar cos músicos, cos afeccionados e coa industria da cidade para quitar á superficie todas as bandas que enchen os garaxes e os alpendres do concello.

Non é un traballo fácil nen moito menos: a lexislación españolizante pensada para non deixar actuar os grupos, as experiencias previas fallidas, a criminalización da mocidade etc. xeraron desconfianzas por todas as partes que hai que superar.

Despois de moita reflexión e moito debate, de moito cedermos e moito aprendermos dos demais chegamos a saber que queríamos: un festival en Pontevedra,

con bandas locais, visíbel para un público amplo, representativo da nosa música e que tratase aos músicos pontevedreses con respecto. Case nada.

Até aquí andabamos soños e foi entón cando escoitou a idea á Concellaría de Festas: non dubidaron en pór toda a carne no asador e déronlle forma aos **15 Bolos**. Mesmo foron alén do planxamento inicial: dous palcos, no Teucro e na Verdura, para apostar pola música dos garaxes e unha moi complexa negociación coa grande industria do espectáculo para ter un grupo de nós no palco da Praza do Concello.

Neste 2013, os **15 Bolos** consolídase e convértese no máis completo festival de rock galego que se poida gozar en todo o país: do 29 de xullo ao 2 de agosto o rock de Pontevedra vai saír do garaxe e ocupar as prazas do Teucro e da Verdura e o 10 de agosto uns rapaces de Pontevedra, **Que Desilusión**, van abrir os concertos da Peregrina.

O goberno de Rajoy propón unha brutal suba da contribución de até o 61% e o Concello de Pontevedra declárase insumiso

O novo decreto fiscal que elaborou o goberno do PP no Estado, ademais de gravar o alcol e o tabaco, permite aos concellos realiza subidas do IBI que poden chegar a máis do 60%, unha medida en palabras do concelleiro de Facenda, Raimundo González, que non ten en conta a capacidade económica das persoas, e que está fóra de lugar nunha situación como a actual.

A intención do goberno de Rajoy é facultar aos Concellos pra actualizar o imposto en base a varios coeficientes, co que o incremento oscilaría entre o 40 e o 61% segundo a ubicación do inmovible.

A pesar de que Pontevedra cumpre todos os requisitos para acollerse ao decreto, non o fará, porque non é xusto e afectaría gravemente ás economías familiares nun contexto de grave deterioro económico como o que estamos a sufrir.

O BNG critica tamén a prórroga do incremento IBI do 10%, ordenado polo goberno do Estado hai dous anos, e que en principio ía ser transitoria e excepcional, até o 2016, é dicir cinco anos máis.

Inspección tributaria

O Concello de Pontevedra continuará coa súa política de inspección catastral na procura de inmovibles non declarados, de xeito que exista unha verdadeira xustiza distributiva.

Nunha primeira fase detectáronse 400 vivendas no rural que non estaban dadas de alta no rexistro inmobiliario, ou nas que se realizaron ampliacións non comunicadas.



Novo varapau xudicial ao PP

Últimamente no PP non ganan para disgustos. Coa ausencia máis absoluta de traballo político na oposición, o Partido Popular non fai máis que acudir aos xulgados para dirimir os confrontos políticos, xudicializando a vida política e colleitando unha e outra vez rotundos e sonoros fracasos.

Se non hai moito foi o aparcamento da praza do Concello ou o “caso Naturgalia”, agora o Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra vén de desestimar o recurso de Jacobo Moreira para recuperar as adicacións exclusivas que no seu momento lle retirara o Pleno municipal, nun auto contundente que rebate todos e cada un dos “argumentos” esgrimidos polo Partido Popular.

Algunhas claves para entender o conflito

Ao principio do mandato, as tres forzas políticas con representación municipal chegaban a un acordo sobre as retribucións, segundo o cal todos os membros do goberno poderían acollerse á dedicación exclusiva, e a oposición tería unha exclusiva por cada catro concelleiros, máis unha persoa de libre designación para traballos administrativos.

Foi así até a renuncia da nosa compañeira Lola Dopico (que decidira non acollerse á exclusiva) e a súa substitución por Miguel Filgueira, cuxo traballo lle impedía adicarse ao seu labor no concello sen acollerse á exclusiva.

Polo tanto, e en virtude do acordo asinado polas tres forzas políticas, o alcalde asinou un decreto para a concesión da exclusiva ao noso compañeiro Miguel Filgueira. Este feito levou ao PP a presentar unha moción no Pleno para que se retirase esta exclusiva, incumprindo o acordo establecido no seu día pola Xunta de Portavoces.

Diante desta ruptura unilateral do pacto, e a pesar de todos os intentos de que o PP abandonase a senda da demagogia e recuperase o consenso, o Pleno do Concello decidiu, a iniciativa do BNG e o PSOE retirarlle dúas das tres exclusivas das que gozaba o PP, así como o persoal de confianza que se incluía no pacto rachado.

Nin indefensión, nin represalia, nin arbitrariedade

Na sentenza, a xuíza conclúe que “non cabe estimar a nulidade do acordo plenario” que solicitaba o Partido Popular ao non apreciar “defectos formais ou de procedemento” como alegaba o portavoz municipal do PP no seu recurso. Asegura que “sen prexuízo da conflictividade política”, non pode considerarse que a decisión de deixar ao PP cunha única dedicación exclusiva fose un acto de represalia.

A maxistrada lembra que o Concello de Pontevedra ten a facultade de organizarse como considere oportuno, e reitera que dito acordo plenario non produciu indefensión ao Partido Popular, non vulnerou ningún dereito fundamental nin se aprecia desviación de poder.

Cisma no PP

Esta decisión de xudicializar a política municipal adoptada polo portavoz do PP acabou provocando a ruptura do seu propio grupo político, unha crise que se saldou coa saída de tres dos seus concelleiros: José Manuel Guillán, Begoya Laña e Celia Soto.

Visto o visto, e dado que o único resultado da senda xudicial levada a cabo polo PP foi unha reorganización en profundidade do seu propio grupo municipal, o BNG está convencido que foron razóns internas do propio PP o que os levou a romper aquel acordo unánime de principios de mandato.

O mellor Jazz e Blues volve a Pontevedra

17 AO 22
XULLO 2013

XXI FESTIVAL
INTERNACIONAL

Atopámonos ante unha nova edición do Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra, un dos máis prestixiosos que se celebran na península. Os concertos, de balde, terán lugar nas prazas do Teucro e da Ferraría, nas que se poderá gozar do mellor jazz e blues da escea internacional.

Ademais este ano, e por vez primeira, subirase ao escenario central da Praza da Ferraría, Paco Charlín, unha das figuras claves do Jazz feito en Galiza, nun recoñecemento a grande calidade dos músicos de Jazz do noso país.

Así mesmo, a actividade docente que se realiza dende hai anos, o Pontejazz Workshop será o encargado de facer do Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra un referente no ensino do jazz en Europa con mestres como Darren Barrett, Myron Walden ou Mark Witfield Jr.

E volverá a haber, por suposto, música polas rúas e jam-sessions, que terán lugar no centro social En Pé con diferentes grupos galegos, para os máis noctámbulos!



PROGRAMA

MÉRCORES 17 A XOVES 18

JAZZ POLA RÚA

de 12:30h - 14:00h e de 20:00h - 21:00h

STREET BAND

JAM-SESSIONS NO EN PÉ

Mércores 17 - YAGO VÁZQUEZ TRIO

Xoves 18 - MAX GÓMEZ TRIO

Sábado 20 - CHUS PAZOS TRIO

Luns 22 - XAN CAMPOS TRIO

PONTEJAZZ WORKSHOP NO ANTIGO CONSERVATORIO

Mércores 17 e xoves 18

de 11-14h. e de 16:00-19:00h

Venres 19

de 11:00-14:00h

CONCERTOS

MÉRCORES 17

LAST MINUTE EXPERIENCE

ás 22:30h. Praza do Teucro

XOVES 18

ALBERTO VILAS QUINTETO

ás 22:30h. Praza do Teucro

VENRES 19

SHEMELIA COPELAND

ás 22:30h. Praza da Ferraría

SÁBADO 20

PACO CHARLÍN "FLOOD"

ás 22:30h. Praza da Ferraría

DOMINGO 21

EUGENE "HIDEAWAY" BRIDGES

ás 22:30h. Praza da Ferraría

LUNS 22

VIJAY IYER TRIO

ás 22:30h. Praza da Ferraría

A mobilidade en Pontevedra protagonista na Walk 21

O modelo urbano de Pontevedra estase a converter nun referente ineludíbel a nivel internacional. Despois dos numerosos premios, encontros e conferencias a nivel internacional, o alcalde de Pontevedra participará na clausura do “Walk 21” o congreso sobre mobilidade máis importante do mundo que este ano se celebra na cidade alemana de Munich o vindeiro mes de setembro.

Lores intervorrá na palestra de alcaldes que pechará o congreso, xunto aos rexedores de Munich, Goteborg e Sidney, para abordar a promoción da mobilidade peonil e a posta por cidades pensadas para os cidadáns e as cidadás.

Antes, noutra palestra, o enxeñeiro municipal, Jesús Gómez, exporá algunhas das actuacións levadas a



cabo en Pontevedra para mellorar a mobilidade e a accesibilidade en Pontevedra.

Esta participación de Pontevedra no Walk 21 supón un importante recoñecemento para a cidade, ao situala na vangarda mundial, e un feito sen precedentes para a promoción de Pontevedra no mundo.

O Concello acomete a recuperación de 30 cruceiros

A Concellaría de Patrimonio Histórico investirá nos vindeiros tres anos 150.000 euros na reparación de trinta cruceiros de máis de cen anos, co obxectivo de conservalos, restauralos, protexelos, limpalos e divulgálos.

Na actualidade moitos destes cruceiros atópanse nunha situación precaria que obriga a actuacións inmediatas e de medio prazo. Entre as inmediatas están a restauración de cruceiros destruídos por accidentes, a protección e consolidación de cruceiros en mal estado ou que teñen risco de desplome, a consolidación da base ou do terreo no que están asentados os cruceiros, a limpeza dos contornos e actuacións en ámbitos de especial interese como o Camiño Portugués e o Centro Histórico.

Este ano actuarase nos cruceiros de Casaldomendo, en Campañó; Gatomorto de Arriba e Gatomorto de Abaixo, en Santa María de Xeve; Reiriz e dous cruceiros do camiño de Ponte Cabas á Ferreira, en Alba; Covas en Salcedo e San Amaro en Mourente.



Cruceiro de Casaldomendo, en Campañó

O BNG demanda no Parlamento o dragado do peirao de Campelo

Os deputados Daniel Rodas e Montserrat Prado veñen de presentar unha serie de iniciativas no Parlamento Galego para coñecer as xestións realizadas por Portos de Galiza para dotar de servizos ao peirao de Campelo e mellorar a accesibilidade das embarcacións.

No peirao de Campelo atracan unhas 40 embarcacións principalmente adicadas ao marisqueo a flote e baixura.

A confraría de pescadores San Telmo, ven reclamando dende o ano 2009 a Portos de Galiza, a necesidade de dragar o lugar onde está instalado o pantalán, dado que pouco a pouco se vai sedimentando, carecendo de calado, provocando que os mariñeiros teñan que embarcar até unha hora antes de faenar para impedir que a baixada da marea lle imposibilite poder saír coa embarcación ao quedar embarradas. Estamos a falar de embarcacións menores que teñen un escaso calado: planeadoras, gamelas, lanchas de poliéster.

Unha actuación menor necesaria para o bo funcionamento do porto

O porto de Campelo acolle a lonxa que máis factura por venda de marisco en toda a ría de Pontevedra, unha lonxa que é utilizada conxuntamente polas confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán.

En ditas instalacións ademais das embarcacións que amarran no pantalán, é utilizado como punto de descarga, polo que é necesario que teña unhas mínimas condicións de accesibilidade.

Chama a atención a parsimonia con que actúan a Consellería do Medio Rural e o Ente Público Portos de Galiza ante as reclamacións dun sector profesional que reclama unha actuación



menor, en contraposición coa dilixencia que ven mostrando á hora de actuar nos portos náutico-deportivos-recreativos, ou ante eventos de dubidosa “promoción náutica” como a Volta ciclista a España.

Os deputados nacionalistas censuran que fose a través dos medios de comunicación que se coñecese que Costas do Estado denega a solicitude realizada por Portos para autorizar o dragado, na vez que fose o Ente Público quen, en colaboración coa propia confraría, xestionase a adecuación da solicitude.

O BNG solicita de Portos de Galiza que adopte as medidas necesarias para modificar a denegación da autorización de Portos do Estado e poder proceder á mellora do acceso e da zona onde se ubica o pantalán.



A gaita de Xan de Campañó volverá a soar en Pontevedra

O vindeiros 12 e 13 de xullo celebrárase en Pontevedra o Memorial Ricardo Portela, que este ano homenaxeará a Xan Tilve, máis coñecido como “Xan de Camapó”, precursor da técnica do toque pechado que, posteriormente, empregarían os gaiteiros de Soutelo e o propio Ricardo Portela.

Co obxectivo de poñer en valor a nosa música tradicional, o Memorial acollerá a Mostra de Artesáns de Instrumentos Tradicionais na Ferraría, e encherá de música as rúas e prazas de Pontevedra.

Resaltar os concertos centrais na Ferraría: Os Melidaos (venres 12 ás 21 H) e Zurrumalla (sábado 13 ás 21:15 h.).

Un momento especialmente emotivo será ás 21 h. coa homenaxe a Xan de Campañó, que contará coa presenza dos seus familiares e dos familiares de Ricardo Portela, e onde Pablo Carpintero fará soar a mítica gaita de Xan de Campañó.

XVIII FESTA DA ANGUÍA DE PONTE SAMPAIO

6 e 7 DE XULLO

O sábado 6 xullo ás 20 h. comeza a Festa da Anguía de Ponte Sampaio, unha cita gastronómica que xira sobre un produto fundamental para a economía desta parroquia pontevedresa, como é a anguía.



O domingo 7 é o día grande da festa, coa homenaxe aos mariñeiros xubilados e a imposición da anguía de ouro ao noso compañeiro Bieito Lobeira, polo seu apoio ao sector.

FESTA DE SAN BIEITO DE LÉREZ

11 DE XULLO

A tradicional romaría celebrarase nas proximidades da praia fluvial e contará entre outras actividades cunha mexilloada popular e actuación de diversos grupos de música e baile tradicional

MÚSICA DE BANDAS E CORAIS

- 6 DE XULLO. PRAZA DO TEUCRO, 20:30 H. **Banda de Sanxenxo e Banda de Salcedo**
- 7 DE XULLO. TEATRO PRINCIPAL, 20:30 H. **Coral Polifónica de Salcedo e Coral Liceo de Noia**
- 14 DE XULLO. PRAZA DO TEUCRO, 21 H. **Banda de Pontevedra. “Música para bailar”. Monográfico Naohiro Iwai**

**NON É UNHA CRISE,
É UN ROUBO.**

SOMOS MULTITUDE

REBÉLATE!



**Galiza contra
este sistema cruel e corrupto**

CAMPAÑÓ

Martes 9 de xullo ás 21:00 h.

na Casa da Cultura

coa participación de *Pilar Comesaña, Luís Bará e Miguel Anxo Fernández Lores*

CERPONZÓNS

Venres 19 de xullo ás 21:00 h.

na Casa do Pobo

coa participación de *Pilar Comesaña, Demetrio Gómez e Miguel Anxo Fernández Lores*



**VI Festa
Nacionalista
en Soutomaior**
**Domingo 21 de xullo
ás 13:30 h.**
**Casa do Pobo
de Val Sobral**

Intervencións Políticas:

Fernando Herrero e Bieito Lobeira

Monólogos: **Luigui**

Xogos Populares - Talleres infantís

Teatro de monicreques

Xantar:

Gambas, xamón asado, café e postres

Prezo: **10 euros // 5 euros nen@s de 3 a 10 anos**

Anotarse:

soutomaior@bng-galiza.org

Marcos: 652885868



ACTO NON É UNHA CRISE, É UN ROUBO

Venres 12 de xullo ás 21 h.

BIBLIOTECA DE BARRO

Soberanía para Galiza